



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O
CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, O MINISTERIO DE XUSTIZA, A
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A COMUNITAT VALENCIANA,
A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE ANDALUCÍA, A COMUNIDADE DE
MADRID E A UNIVERSIDADE NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA
(UNED), PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EXTERNAS EN XULGADOS
E TRIBUNAIS**

Esta Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de dotación de medios persoais, económicos e materiais ao servizo da Administración de Xustiza, á promoción e o desenvolvemento do dereito civil de Galicia, á demarcación e planta xudicial, notarial e rexistral, e ao acceso da cidadanía á xustiza en igualdade de oportunidades, tal e como establece o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Antecedentes: En ocasións anteriores, firmáronse convenios de colaboración para a realización de prácticas externas en xulgados e tribunais, entre o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio de Xustiza, a Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Universidade de Santiago de Compostela no Convenio asinado o 4 de outubro de 2016; con Ilustre Colexio Provincial de Avogados de Lugo, con data 6 de abril de 2015; e con data 9 de outubro de 2017 coa Universidade de Vigo.

Na situación actual, con data 25 de abril de 2017 asinouse un Convenio para a realización de prácticas externas en xulgados e tribunais por parte dos alumnos que cursan estudos na UNED, entre as sete partes arriba indicadas.

Finalidade: Para os efectos sinalados, formalizouse co Consello Xeral do Poder Xudicial, co Ministerio de Xustiza, coa Comunitat Valenciana, coa Comunidade Autónoma de Andalucía, coa Comunidade de Madrid e coa Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) un convenio de colaboración por un período de vixencia de dous anos que abrangue dende a súa sinatura, e que poderá ser prorrogable ó seu termo mediante acordo das partes.

O obxecto deste convenio, no caso de Galicia, é a realización de prácticas externas polo alumnado matriculado na materia de prácticas académicas, de estudos oficiais de grao e/ou mestrado que imparte a UNED e sempre de titulacións relacionadas con profesionais da Administración de xustiza, nos xulgados e tribunais da Comunidade Autónoma de Galicia.





O instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

Por unha banda, a Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza comprométese a permitir a realización das prácticas externas obxecto do convenio, ase como a facilitar o acceso do alumnado ás sedes dos xulgados e tribunais.

E pola outra banda, a UNED comprométese a que a persoa ou persoas que exerzan a tutoría das prácticas no órgano xudicial poidan gozar dos seguintes dereitos:

- Recoñecemento da súa actividade colaboradora mediante certificado que acredite o seu labor como titor de estudantes en prácticas.
- Ser informados da normativa que regula as prácticas externas, así como do proxecto formativo e das condicións do seu desenvolvemento.
- Ter acceso á Universidade para obter a información e o apoio para o exercicio da súa función.
- Gozar das mesmas vantaxes ca o persoal da Universidade no acceso ás bibliotecas, instalacións deportivas ou actividades culturais, entre outras.

A colaboración que prestan o Consello Xeral do Poder Xudicial, o Ministerio de Xustiza e a Comunidade Autónoma de Galicia estará sempre supeditada ás necesidades e disponibilidades do xulgado ou tribunal onde se realicen as prácticas externas.

Establécense dúas modalidades de prácticas externas: curriculares e extracurriculares.

O alumnado será proposto pola persoa que exerza a dirección das prácticas externas da UNED, e será seleccionado xunto coa persoa que exerza de titor no órgano xudicial.

A UNED determinará a duración das prácticas externas.

O xulgado ou tribunal onde se realicen as prácticas externas nomeará a persoa ou persoas que exerzan de tutores, que fixarán o plan de traballo, orientarán os alumnos e farán un informe avaliando a actividade. O órgano xudicial expedirá un certificado acreditativo da participación dos alumnos.

O convenio non ten contido económico.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do





XUNTA DE GALICIA

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

galicia

14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 20 de abril de 2018

O director xeral de xustiza

Juan José Martín Álvarez

